

EIC 2021-2027

2 de decembro de 2021

Online

Idioma: castelán e portugués

EIC 2021-2027

O Consello Europeo de Innovación (EIC) ten por obxectivo obter un retorno de todo o investimento que se fai na Unión Europea en innovación a través da creación de novas empresas e produtos que impulsen a competitividade do mercado comunitario. Para isto, o EIC dispón dunha partida orzamentaria de máis de dez mil millóns de euros para o período 2021-2027.

O EIC consta con tres instrumentos de financiamento (Pathfinder, Transition e Accelerator), con convocatorias específicas para os distintos tipos de proxectos. Ten ademais outras vías adicionais de financiamento e apoio como poden ser os Premios EIC ou os Servizos de aceleración de negocio.

Obxectivos da xornada:

- Presentar a estrutura do EIC 2021-2027 e as diferentes modalidades de participación: Pathfinder, Transition e Accelerator.
- Presentar a modalidade Plug-in Accelerator e a convocatoria piloto.
- Introducir o calendario de convocatorias previsto ata 2027 e o seu modelo de presentación de propostas a través Plataforma IA.
- Proporcionar consellos prácticos para a elaboración das propostas.
- Explicar as sinerxías entre este instrumento e outros programas nacionais e da Comisión: selos de excelencia, Interregional Innovation Investment, etc.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Programa:

- 10:30 - 14:30h
- Benvida.
 - Principais novidades do EIC 2021-2027.
 - Instrumentos do EIC: Pathfinder, Transition e Accelerator.
 - Calendario de convocatorias previsto ata 2027 e presentación de propostas - Plataforma IA.
 - Modalidade Plug-in Accelerator: características e convocatoria piloto (prevista para finais de 2021).
 - EIC e sinerxías con outros programas.

Relatores:

Luz Narváez

Enxeñeira industrial pola Universitat Politècnica de València. Experta en financiamento a través de fondos europeos de proxectos de I+D+i e de investimento con especialización en programas para pemes. Actualmente lidera o programa EIC dentro de FI Group como Manager da oficina de Madrid.

Bruna Fonseca

PhD en Enxeñaría química e biolóxica. Conta con máis de 8 anos de experiencia no financiamento, elaboración e xestión de proxectos europeos de investigación e innovación. Especializada en medio ambiente e programas para pemes, actualmente é Manager na oficina de Porto.

Jessica Cibrian

Licenciada en Historia da Arte cun MBA da Universidade de Nebrija. Experta na preparación de propostas en diferentes programas de financiamento nacionais, rexionais e europeos. Especialista no sector da biotecnoloxía, actualmente é a responsable de programas europeos de saúde como Consultora Senior da oficina de Madrid.

